Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 9 de DECEMBRO de 2022 (1330/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día nove de decembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1020).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 24 de novembro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(1021).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 11694/224**
Visto o informe de fiscalización de data 02/12/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 01/12/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11694-224)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11694-224)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

> *"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero.*
>
> *Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración xeral e pola Xefa do servizo de Contratación o 7 de setembro de 2022*
>
> *Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 7 de setembro de 2022.*
>
> *Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 37.750,78, que inclúe un IVE (21%) de 6.551,79 € para a contratación da xestión do programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2022 e 2023, desglosado do seguinte xeito: 405,92 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2022, e 37.344,86 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2023, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.*
>
> *Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 17 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11.694-224) na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *FUNDACIÓN ALDABA* | *95 puntos* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FUNDACIÓN ALDABA (G-82.453.606), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación non recollida no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (cláusulas 8 e 22.1 do PCAP):*

1. *Documentación acreditativa da representación: poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade.*
2. *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 do Anexo I -FEC-.*
3. *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
4. *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
5. *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC."*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FUNDACIÓN ALDABA (G-82.453.606), o día 17 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 25 de novembro de 2022, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FUNDACIÓN ALDABA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FUNDACIÓN ALDABA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 25 de outubro e 7 de novembro de 2022, respectivamente

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar á FUNDACIÓN ALDABA (G-82.453.606) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11694-224) por un prezo total de 30.800,00 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
> 1. *Incrementa a experiencia laboral como educadora social na execución directa de proxectos que inclúan intervención sociofamiliar con mulleres e/ou menores en situación de violencia de xénero dos medios persoais adscritos ao servizo en 56 meses.*
> 2. *Incrementa a formación en materia de Igualdade dos medios persoais adscritos ao servizo en 60 horas.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1022).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E**

**OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, PROCESOS DE TRATAMENTO DE DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN, COLECTORES HIXIÉNICOS SANITARIOS E ILLAS ECOLÓXICAS. EXPTE. 4792/611.**

Visto o informe de fiscalización de data 02/12/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 01/12/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4792-611)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4792-611)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 31 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto DO SERVIZO DE LIMPEZA BÁSICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 28 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 12 de maio de 2022.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 3.598.545,52 euros con ive, sendo o IVE 624.540,96 euros, e co seguinte distribución de anualidades.*

*DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA*

| *PERIODO* | *DATAS* | *IMPORTE CON IVE* | *APLICACIONS ORZAMENTARIA* |
|---|---|---|---|
| *2022* | *16/09/2022-31/12/2022* | *264.892,93 €* | *3420.2270000* |
| *2023* | *01/01/2023-31/12/2023* | *899.636,38 €* | *3420.2270000* |
| *2024* | *01/01/2024-31/12/2024* | *899.636,38 €* | *3420.2270000* |
| *2025* | *01/01/2025-31/12/2025* | *899.636,38 €* | *3420.2270000* |
| *2026* | *01/01/2026-15/09/2026* | *634.743,45 €* | *3420.2270000* |
| | | *3.598.545,52 €* | |

*O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420.2270000“ limpeza” e bolsa de vinculación.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de agosto de 2022 adoptou a resolución de clasificación resultando en primeiro lugar SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A. e, excluídos, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non cumprir os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe emitido polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes de data 23 e 24 de agosto de 2022, LIMPIEZAS CIES, S.L. e GARBIALDI, S.A.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A, o día 29 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 7 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 9 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**Quinto.-** A Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, adoptou o acordo de adxudicación do presente procedemento en data 15 de setembro de 2022, acordo que foi notificado a todos os licitadores admitidos inicialmente neste procedemento en data 16 de setembro de 2022.

**Sexto.-** D. José Antonio Souto López, en nome e representación de GARBIALDI, S.A., o 30 de setembro de 2022, dun recurso especial en materia de contratación (nº 168/2022) ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da CCAA de Galicia (en adiante TACGAL) contra a adxudicación do presente procedemento, se ben as alegacións versan sobre a súa exclusión por conter a súa oferta valores anormais.

**Sétimo.-** En data 28 de outubro de 2022, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia adopta a Resolución nº 195/2022, da que toma razón a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria do 10 de novembro de 2022, na que resolve estimar o recurso interposto por GARBIALDI, S.A., levanta a suspensión e da traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuación do expediente ao momento de analizar as ofertas incursas en presunción de temeridade, tendo en conta a devandita resolución.

**Oitavo.-** En data 17 de novembro de 2022 a Mesa de Contratación acordou, á vista das actuacións practicadas, dos acordos adoptados e da resolución nº 195/2022, do 28 de outubro de 2022, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros asuntos (punto 10a da orde do día), formular proposta de clasificación no presente procedemento.

**Noveno.-** A concelleira delegada de Contratación adopta, na mesma data, a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611) na seguinte orde descendente:*

| ***Orde*** | ***Licitadores*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *GARBIALDI, S.A.* | *88,24* |
| *2* | *SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.* | *87,11* |
| *3* | *SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.* | *81,16* |
| *4* | *SACYR FACILITIES, S.A.* | *72,58* |
| *5* | *EULEN, S.A.* | *60,30* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARBIALDI, S.A. (A-48.408.769), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares*".

**Décimo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARBIALDI, S.A. (A-48.408.769), o día 18 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida entre os días 28 e 29 de novembro de 2022, dentro do prazo concedido.

**Undécimo.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GARBIALDI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GARBIALDI, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 27 de xullo e 1 de agosto de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a GARBIALDI, S.A. (A-48.408.769) o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de*

*desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4792-611), coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 3.195.700,01 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 554.625,61 euros, co seguinte detalle:*

| | ***Importe C/IVE*** | ***IVE*** |
|---|---|---|
| ***Parte fixa*** | *3.019.910,48 €* | *524.116,68 €* |
| ***Parte variable*** | *175.789,53 €* | *30.508,93 €* |
| ***Prezo total*** | *3.195.700,01 €* | *554.625,61 €* |

b) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpezas especializadas de moquetas e practicables de ximnasia, virus, fungos e bacterias do 99,99 %.*
c) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpezas especializadas de cristais en altura e limpezas en altura, así como conducións de aire do 99,99 %.*
d) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza especializadas de resinas do 99,99 %.*
e) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpezas extraordinarias de eventos deportivos e COVID do 99,99 %.*
f) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para os supostos de modificacións da parte fixa do contrato do 99,99 %.*
g) *Comprométese a que todos os produtos de limpeza que se utilizarán durante a execución do contrato deberán posuír a etiqueta ecolóxica tipo I, segundo a norma UNE-EN ISO 14024:2018 ou equivalente.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1023).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO 2022. EXPTE. 21700/333.**

Visto o informe xurídico do 25/11/2022 e o informe de fiscalización do 30/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/11/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o técnico de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 21700/333 sobre a convocatoria de axudas para deportistas de alto nivel da cidade de Vigo 2022, e atendendo á detección dun erro material na transcrición da puntuación de 4 deportistas, e modificada a acta de avaliación con data 22 de novembro de 2022, procédese a modificar a proposta tal e como a continuación se detalla:

I- ANTECEDENTES:
Vista a proposta do 07 de novembro de 2022 (Modificada con data 22 de novembro de 2022) da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo e o Técnico deportivo do servizo de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 13ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

A Xunta de Goberno local acordou aprobar, na sesión ordinaria do 18 de agosto de 2022, as bases e os criterios de avaliación da convocatoria para as "axudas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, por un importe total de 50.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.
O anuncio do extracto da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial de Pontevedra (05/09/2022), na prensa local e na Web do Concello de Vigo.

O órgano colexiado, revisada a documentación o importe total da convocatoria entre os/as solicitantes en función dos criterios de avaliación e baremos da cláusula 6ª das bases da convocatoria, e que se establecen do seguinte xeito:

- Puntuacións:

| | Outras compet. Intnais | | Fase final Cto. España | | Fase Final Cto. Europa | | Fase final Cto. Mundo/XX.OO OU XXPP | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Cat. Absol. | Outras cat. | Cat. Absol. | Outras cat. | Cat. Absol. | Outras cat. | Cat. Absoluta | Outras cat. |
| 1º a 4º Posto | 10 puntos | 5 puntos | 30 puntos | 15 puntos | 100 puntos | 50 puntos | 150 puntos | 75 puntos |
| 5º a 8º Posto | 5 puntos | 3 puntos | 15 puntos | 8 puntos | 50 puntos | 25 puntos | 75 puntos | 50 puntos |
| Participación | - puntos | - puntos | - puntos | - puntos | 10 puntos | 5 puntos | 20 puntos | 15 puntos |

Por outra banda o apartado 3 da cláusula 7ª da convocatoria establece a contía máxima e límite individualizada das axudas do seguinte xeito:

a) Límites máximos segundo a orde de prelación:

| ORDE SEGUNDO PUNTUACIÓNS OBTIDAS | IMPORTE |
|---|---|
| 1ª a 7ª MÁXIMA PUNTUACIÓN | 2.500,00€ |
| 8ª a 17ª MÁXIMA PUNTUACIÓN | 1.250,00€ |
| 18ª a 29ª MÁXIMA PUNTUACIÓN | 1.000,00€ |
| 30ª a 45ª MÁXIMA PUNTUACIÓN | 500,00€ |

b) Límites máximos dos importes en función das puntuacións obtidas:

| PUNTUACIÓNS | IMPORTE MÁXIMO |
|---|---|
| De 10 a 40 puntos | 1.250,00€ |
| Máis de 40 puntos | 2.500€ |

c) Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:
1º.-Mellor resultado nun campionato do mundo.
2º.-En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de Europa.
3º.-En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de España.
4º.-En caso de persistir o empate, mellor resultado en "Outras competicións internacionais".

A esta convocatoria presentáronse un total de 67 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 54 e rexeitáronse 13 polos motivos detallados no anexo II.
Da avaliación realizada polo órgano colexiado en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 6ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de solicitantes é de ***3.250,75 puntos***.
Tendo en conta a orde de prelación e os límites establecidos na cláusula 7ª das bases da convocatoria, resultou que o importe total distribuído entre os/as deportistas beneficiarios/as é de 50.000,00€.
No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada un/unha dos/das solicitantes de subvención admitidos/as no proceso.

Os/as solicitantes declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta a responsabilidade na que incorrerían os/as solicitantes no caso de falsear os datos na solicitude.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas acredita que todos os solicitantes presentaron declaración responsable acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo. Así mesmo o servizo informa que a área de estatística informou que, comprobados os datos sobre o empadroamento dos solicitantes, todos/as os solicitantes admitidos/as cumpren co requisito de estar empadroados en Vigo desde o 01/01/2021 ata a actualidade, tal e como establecen os requisitos establecidos na base 4ª.

Por todo o dito anteriormente, proponse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.-Aprobar a resolución da convocatoria para o desenvolvemento do proxecto de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 50.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 do orzamento en vigor.

2.-Rexeitar as solicitudes dos seguintes solicitantes pola seguinte causa:

- Por non alcanzar a puntuación mínima de 10 puntos establecida na base 6ª das da convocatoria e/ou non acreditar o recoñecemento como deportista de alto nivel ou o Ranking necesario esixido na cláusula 4ª:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| FIDALGO GARCÍA, BLANCA | 5****714S | 20884-333 |
| FIDALGO GARCÍA, CANDELA | ****6713Z | 20846-333 |
| ÁLVAREZ NÚÑEZ, MARTÍN | 39****15D | 21791-333 |
| RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, SARA | 535****2V | 21822-333 |
| CASALES CARRASCO, JORGE | 5381****H | 21773-333 |
| CARBALLEDA PAZÓ PAULA | 54657762X | 21833-333 |
| GILSANZ IGLESIAS CARLA | **4**466A | 21770-333 |

- Por non acreditar o cumprimento do requisito de estar recoñecido como deportista de alto nivel, a clasificación entre o 20% dos mellores do ranking ou estar recoñecido pola federación de deporte adaptado como deportista de alto nivel:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| VILAR MAGDALENO, SAÚL | 53**532** | 21819-333 |
| PILLADO DOMÍNGUEZ, ANA DE FÁTIMA | ***9*045C | 21834-333 |

- Por non cumprir co requisito de participar en competicións de xeito individual, parella ou trío:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| PIÑÓN RODRÍGUEZ, MARTÍN | ***99*57T | 21805-333 |
| LOURO RAMOS, TOMÁS | 39**10**S | 21808-333 |

- Por non emmendar a documentación requirida:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| CABRERA GONZÁLEZ, PEDRO | ***68528* | 21809-333 |

- Por non cumprir coa obriga de estar empadroado dende 01/01/2021 tal e como establecen os requisitos establecidos na base 4ª:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, MAIKEL | 355***8*B | 21802-333 |

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE BENEFICIARIOS/AS EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO (EXPTE. 21700/333).

| NÚM. | APELIDOS E NOME | DNI | EXPEDIENTE | TOTAL PUNTOS | importes |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | CABELLO VIEITEZ, PABLO | ****0890L | 21797-333 | 210 | 2.500,00 € |
| 2 | RODRÍGUEZ GACIO, SUSANA | 3****166A | 21782-333 | 195 | 2.500,00 € |
| 3 | FERNÁNDEZ GARCÍA, RUBÉN | 53****00F | 21830-333 | 150 | 2.500,00 € |
| 4 | DE LA PUENTE RIOBO, MARTIN | 394****2M | 21789-333 | 142,5 | 2.500,00 € |
| 5 | VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, LAURA | 5319****Q | 21781-333 | 130 | 2.500,00 € |
| 6 | DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ, MARTA | 39488**** | 21798-333 | 130 | 2.500,00 € |
| 7 | SHERAZADISHVILI SAKVARELIDZE, NIKOLOZ | *4***262W | 21800-333 | 120 | 2.500,00 € |
| 8 | GARRIGÓS ROSA, FRANCISCO | 4*5***28R | 21801-333 | 110 | 1.250,00 € |
| 9 | FERNÁNDEZ SACRISTÁN, PEDRO | 53*9***2E | 21827-333 | 105 | 1.250,00 € |
| 10 | IGLESIAS GÓMEZ, CAROLINA | 394*5***Y | 21826-333 | 105 | 1.250,00 € |
| 11 | SUÁREZ GONZÁLEZ, PATRICIA | 5319*4*** | 21786-333 | 90 | 1.250,00 € |
| 12 | SALGADO FREIRE, PEDRO | **4***42C | 21771-333 | 90 | 1.250,00 € |
| 13 | CIGARRÁN OLMO, JORGE | 3**9***0B | 21784-333 | 90 | 1.250,00 € |
| 14 | MARTÍNEZ NOVOA, MIGUEL | 53*1***5V | 21810-333 | 90 | 1.250,00 € |

Concello de Vigo

| NÚM. | APELIDOS E NOME | DNI | EXPEDIENTE | TOTAL PUNTOS | importes |
|---|---|---|---|---|---|
| 15 | BASTOS NOVELLE, YOLANDA | 770*0***E | 21803-333 | 80 | 1.250,00 € |
| 16 | CAMPOS MÉNDEZ, IGNACIO | 3615*2*** | 21795-333 | 80 | 1.250,00 € |
| 17 | CARDAMA BÁEZ, CARMELA | *3**9*79M | 21814-333 | 80 | 1.250,00 € |
| 18 | RODRÍGUEZ VELOSO, SEBASTIÁN | **20881** | 21824-333 | 78,75 | 1.000,00 € |
| 19 | NAVARRETE SANTANA, ESTHER | 53***76** | 21783-333 | 60 | 1.000,00 € |
| 20 | FERNÁNDEZ FERREIRO, JACOBO | 39486**** | 21774-333 | 50 | 1.000,00 € |
| 21 | MARTINEZ ABELENDA LAURA | 5099****Q | 21792-333 | 50 | 1.000,00 € |
| 22 | GARCÍA FERNÁNDEZ, MENCÍA | 714****2S | 21821-333 | 50 | 1.000,00 € |
| 23 | YELO PALOMERA, LUCAS | 54****21Q | 21787-333 | 45 | 1.000,00 € |
| 24 | MÉNDEZ PUGA, MARIO | 3***8*28B | 21772-333 | 45 | 1.000,00 € |
| 25 | GÓMEZ COSTAS, IRENE | 3****335W | 21755-333 | 45 | 1.000,00 € |
| 26 | ENRÍQUEZ GÓMEZ, STELLA MARIS | 3951**2** | 21790-333 | 40 | 1.000,00 € |
| 27 | RODRÍGUEZ MELÉNDEZ, JUDITH | 394*3***G | 21775-333 | 40 | 1.000,00 € |
| 28 | VOSBERG CASTRO, LISA | 5381***7* | 21818-333 | 38 | 1.000,00 € |
| 29 | WIZNER PÉREZ-LAFUENTE, MARTIN | 39**643** | 21761-333 | 35 | 1.000,00 € |
| 30 | RODRIGUEZ DÍAZ, MATEO | 53***202* | 21776-333 | 35 | 500,00 € |
| 31 | PÉREZ ÁLVAREZ, MARTÍN | 3*51**17* | 21835-333 | 35 | 500,00 € |
| 32 | GONZÁLEZ FRANCO, NICOLÁS | 39*955*** | 21836-333 | 35 | 500,00 € |
| 33 | VÁZQUEZ LÓPEZ, MARÍA TERESA | 36****5*C | 21811-333 | 30 | 500,00 € |
| 34 | VÁZQUEZ BUENO, PEDRO | 39*6*10** | 21804-333 | 30 | 500,00 € |
| 35 | DAPENA GARCÍA, AINTZANE | 53*590*** | 21752-333 | 30 | 500,00 € |
| 36 | GARCÍA TORNÉ, DAVID | ****2747W | 21812-333 | 30 | 500,00 € |
| 37 | LOSADA GARCÍA, ALEJANDRO | 3****758C | 21796-333 | 30 | 500,00 € |
| 38 | SALGADO GARCÍA, CARLOTA | 54****38X | 21779-333 | 30 | 500,00 € |
| 39 | WIZNER PÉREZ-LAFUENTE, JAIME | 513****0J | 21762-333 | 25 | 500,00 € |
| 40 | VARELA CAMPO, HUGO | 3946****N | 21831-333 | 25 | 500,00 € |
| 41 | SOLER BENITO, JACOBO | 39467**** | 21816-333 | 23 | 500,00 € |
| 42 | DÍAZ FERNÁNDEZ, ASHEBER | 54**268** | 21832-333 | 23 | 500,00 € |
| 43 | PÉREZ CARRERA, FRANCISCO | ***46547* | 21823-333 | 22,5 | 500,00 € |
| 44 | GARCÍA BLANCO, CELIA | *3***925C | 21825-333 | 20 | 500,00 € |
| 45 | GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, MAURO | 5*6**7*0M | 21788-333 | 18 | 500,00 € |
| 46 | GARCÍA FERNÁNDEZ, RODRIGO | 39**8*2*T | 21820-333 | 15 | 0,00 € |
| 47 | BARCIA IGLESIAS, LUCAS | 54337**** | 21777-333 | 15 | 0,00 € |
| 48 | OTERO SOUSA, JAVIER | 5450****N | 21780-333 | 15 | 0,00 € |
| 49 | QUEIMAÑO VILABOY, EVA | 539****7V | 21754-333 | 15 | 0,00 € |
| 50 | FERNÁNDEZ-HERRERIN RODRÍGUEZ, TOMÁS | 54****27B | 21815-333 | 15 | 0,00 € |
| 51 | ROMÁN LEIROS, JORGE | 394**95** | 21817-333 | 15 | 0,00 € |

| NÚM. | APELIDOS E NOME | DNI | EXPEDIENTE | TOTAL PUNTOS | importes |
|---|---|---|---|---|---|
| 52 | MÉNDEZ SEIJO, ÉRIC | 39**907** | 21793-333 | 15 | 0,00 € |
| 53 | AMENEIRO SOBRINO, INÉS | 39*872*** | 21837-333 | 15 | 0,00 € |
| 54 | ARANDA OLALLA, JOSE ANTONIO | 04**6**8H | 21839-333 | 10 | 0,00 € |

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO (EXPTE. 21700/333).

- Por non alcanzar a puntuación mínima de 10 puntos establecida na base 6ª das da convocatoria e/ou non acreditar o recoñecemento como deportista de alto nivel ou o Ranking necesario esixido na cláusula 4ª:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| FIDALGO GARCÍA, BLANCA | 5****714S | 20884-333 |
| FIDALGO GARCÍA, CANDELA | ****6713Z | 20846-333 |
| ÁLVAREZ NÚÑEZ, MARTÍN | 39****15D | 21791-333 |
| RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, SARA | 535****2V | 21822-333 |
| CASALES CARRASCO, JORGE | 5381****H | 21773-333 |
| CARBALLEDA PAZÓ PAULA | 54657762X | 21833-333 |
| GILSANZ IGLESIAS CARLA | **4**466A | 21770-333 |

- Por non acreditar o cumprimento do requisito de estar recoñecido como deportista de alto nivel, a clasificación entre o 20% dos mellores do ranking ou estar recoñecido pola federación de deporte adaptado como deportista de alto nivel:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| VILAR MAGDALENO, SAÚL | 53**532** | 21819-333 |
| PILLADO DOMÍNGUEZ, ANA DE FÁTIMA | ***9*045C | 21834-333 |

- Por non cumprir co requisito de participar en competicións de xeito individual, parella ou trío:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| PIÑÓN RODRÍGUEZ, MARTÍN | ***99*57T | 21805-333 |
| LOURO RAMOS, TOMÁS | 39**10**S | 21808-333 |

- Por non emmendar a documentación requirida:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| CABRERA GONZÁLEZ, PEDRO | ***68528* | 21809-333 |

- Por non cumprir coa obriga de estar empadroado dende 01/01/2021 tal e como establecen os requisitos establecidos na base 4ª:

| SOLICITANTE | NIF/CIF | Nº EXPTE |
|---|---|---|
| RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, MAIKEL | 355***8*B | 21802-333 |

**5(1024).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO DUN ENXEÑEIRO TÉCNICO FORESTAL PARA O PROGRAMA DE MANTEMENTO CATASTRAL DE DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 40351/220.**

Visto o informe de fiscalización do 16/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 11/11/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, se solicita coa maior urxencia posible a adscrición ao programa de actuación catastro - expediente 2884-500 dun enxeñeiro técnico forestal.

**II.-** Consta incorporado ao expediente certificado do acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de 07/04/2022 polo que se aproba o programa "actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o Convenio vixente e a partir da información da xerencia de urbanismo, servizo de patrimonio-inventario de bens inmobles e viais, área de fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+ (expte 2884-500)

**III.**- Consta doc nº 220174160 asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda segundo o cal "o programa foi aprobado por un prazo máximo de tres anos pola Xunta de Goberno Local con data 7 de abril de 2022, á data de hoxe pode estimarse unha duración máxima de dous anos para o cumprimento das actuacións a desenvolver". En data 10/08/2022 noméase técnico economista adscrito ao programa no que se establece como data de finalización de dito nomeamento o 09/08/2024.

**IV.-** A vista da petición formulada a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal en data 31/10/2022 ditou orde de incoación: "Dispoño ordenar que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación urxente de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, na modalidade oportuna."

**V.-** Consta informe técnico que inclúe a proposta de gasto coas consideracións que obran no expediente.

**VI.-** Consta informe de verificación administrativa das listaxes de reserva, indicando a persoa a que corresponde chamar na categoría de Enxeñeiro técnico forestal, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica,

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Normativa de aplicación:**

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustixa de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

> "FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos por execución de programas de carácter temporal:**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa "la ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto" (letra c) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que "los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera."

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **neste caso ao remate do programa temporal, que acontecerá no prazo máximo de dous anos (data de finalización 09/08/2024), sen dereito a compensación algunha.**

Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por execución de programa temporal, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto tómase conforme ao posto de traballo de Enxeñeiro técnico forestal (código retributivo 349).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno

Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instruccións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 1 persoa está en condicións de ser nomeada por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

**V. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe dun enxeñeiro técnico forestal baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 c) do TREBEP, por un prazo máximo ata o 09/08/2024 sería o seguinte:

*“ Infórmaselle que que o custo para o presente ano 2022, no caso de que a relación laboral se iniciase no mes de decembro, ano 2023 e 2024 (09/08/2024):*

| | | N.º EFECTIVOS | RETRI.FIXAS | SEG.SOC. | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 2022 | Enx. Tco. Forestal | | | | |
| | 1 mes | 1 | 3.865,72 | 1.266,02 | 5.131,75 |
| 2023 | 12 meses (aplic. Increm. 2,5%) | | 47.410,16 | 15.526,83 | 62.936,99 |
| 2024 | 7 meses e 9 días (apl.incr. 2%) | | 29.429,78 | 9.638,25 | 39.068,04 |

*O custo dos referidos nomeamentos, salvo erro ou omisión, imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 3.865,72 €, por importe de 47.410,16 € para o 2023 e de 29.429,78 € para 2024 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2022 por importe de 1.266,02 € ; de 15.526,83 € para o 2023 e de 9.638,25 € para o 2024.*

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

**VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación consta:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Enxeñeiro/a técnico/a forestal, existe persoal en condicións de ser notificado.

- Que, salvo de erro ou omisión, procede o chamamento na categoría de Enxeñeiro/a técnico/a forestal, por execución dun programa temporal con data de finalización o 09/08/2024, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, ás seguintes candidatas/os:

| NÚM. ORDE | DNI** | NOME E APELIDOS |
|---|---|---|
| 1 | ***3446** | F. Lago López |

**VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“*1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

> *a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
> *b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
> *c) La intervención material del pago.*
> *d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.*”

**VIII.- COMPETENCIA**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Seguridad, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionarios/as interinos/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Enxeñeiro técnico forestal
- Modalidade legal: funcionario interino por execución dun programa temporal (artigo 10.1, letra c) do TREBEP).
- Destino: Dirección de Ingresos
- Período temporal: Prazo máximo ata o 09/08/2024, sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3 letra c) do TREBEP).
- Custe económico: Segundo informe técnico

| | | N.º EFECTI-VOS | RETRI.FIXAS | SEG.SOC. | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 2022 | Enx. Tco. Forestal | | | | |
| | 1 mes | 1 | 3.865,72 | 1.266,02 | 5.131,75 |
| 2023 | 12 meses (aplic. Increm. 2,5%) | | 47.410,16 | 15.526,83 | 62.936,99 |
| 2024 | 7 meses e 9 días (apl.incr. 2%) | | 29.429,78 | 9.638,25 | 39.068,04 |

O custo dos referidos nomeamentos, salvo erro ou omisión, imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 3.865,72 €, por importe de 47.410,16 € para o 2023 e de 29.429,78 € para 2024 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2022 por importe de 1.266,02 € ; de 15.526,83 € para o 2023 e de 9.638,25 € para o 2024.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario interino por execución de programa temporal, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

| NÚM. ORDE | DNI** | NOME E APELIDOS |
|---|---|---|
| 1 | ***3446** | F. Lago López |

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Directora de Ingresos, Intervención Xeral Municipal, persoal integrado no Grupo II da Área de RRHH e Formación, inspección de persoal, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1025).- PRÓRROGA DURANTE O ANO 2023 DO "ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS PARA O SERVIZO DA POLICÍA LOCAL" APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 22/16/2017. EXPTE. 41203/220**

Visto o informe de fiscalización do 25/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 28/11/2022, asinado pola técnica Formación e Avaliación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 20/10/2022 recíbese na Area de Recursos Humanos e Formacion expediente 84328-212 que conten informe proposta asinado polo Intendente da Policia Local e conformado pola Concelleira delegada da Area no que se propon a aprobacion pola Xunta de Goberno Local da prorroga durante o ano 2023 do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140-220) coa modificación puntual do número máximo de xornadas a realizar – 4628 xornadas - e o importe máximo das mesmas, que sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, ascendería a 1.151.236,32€ €; todo elo co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz necesidades ordinarias puntuais e os eventos extraordinarios detallados no apartado V, así coma os que de xeito improvisto poidan acontecer ao longo do ano, ante a insuficiencia dos recursos humanos ordinarios.

Motivase dita petición, entre outros , nas seguintes:

- Carencia de efectivos no Servizo da Policia Local , dada a poboación censada a extensión do seu territorio e a densidade de poboación .
- As funcións das Policías locais reguladas no art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e na Lei 4/07 de Galicia sobre Coordinación das Policías Locais de Galicia.
- A complexidade do espazo urbano en canto a súa extensión, intensidade e variedade de usos; (gran espazo rural, con núcleos de poboación relevantes, zonas verdes, etc)
- O ruído ambiental xerado polo tráfico de vehículos sobre os que se proxectan unhas esixencias técnicas que é indispensable facer cumprir;
- A crecente demanda dos cidadáns de protección do seu dereito á intimidade persoal e familiar e á integridade física nos seus domicilios, tantas veces expostos polas gravísimas inxerencias de fontes sonoras xeradas principalmente por actividades recreativas;
- A preservación das rúas e demais espazos públicos para o seu uso común e xeral polo conxunto da cidadanía, tantas veces ameazado polo uso indebido ou abuso de terceiros (ocupacións con colectores e sacos para cascallos; con estadas, terrazas dos negocios de hostalería, etc.);
- Unha extensa liña de costa cos seus areais de concorrencia masiva nos meses estivais;
- Os fenómenos modernos de grandes concentracións de persoas en espazos públicos non ideados a tal fin e que en non poucas ocasións xeran comportamentos incompatibles coas máis elementais normas de boa veciñanza;
- O fenómeno da venda ambulante ilegal que pode levar implícito a de xéneros de ilícito comercio;
- A execución das ordes xudiciais de afastamento das vítimas de violencia de xénero co Corpo Nacional de Policía.
- A vixilancia estática en edificios e instalacións Municipal,
- As tarefas de carácter administrativo derivadas directamente da súa funcións de vixilancia, denuncia, intervención en conflitos privados e, así mesmo, outras tarefas administrativas que

resultan alleas coma son os informes de convivencia, expedición de tarxetas de discapacitados, autorización residentes Casco Vello, autorización residentes zona Xer, autorización contedores, transportes especiais, mudanzas, actos de comunicación xudicial, etc.

Como xustificación da proposta sinalase

- garantir a prestación ordinaria das funcións previstas no ordenamento dun xeito eficaz.
- abordar profesionalmente os servizos de carácter extraordinario, mesmo eventos que sin ter ese acusado carácter, demandan gran cantidade de dispositivos policiais
- Campañas de prevención.
- Aprobar as petición de goce dos días acumulados- horas extraordinarias realizadas por necesidades do servizo- que non se puideron conceder pola Xefatura por quedar os efectivos en servizo por debaixo dos servizos mínimos establecidos en cada sección.

Inclúese no informe mapa de eventos extraordinarios previstos para 2023, sen prexuízo dos que se poidan ir sumando, - (concentracións, manifestacións, folgas, etc), dada a súa continxencia e a imposibilidade de prevelos con antelación -, e que inclúen eventos deportivos , relixiosos, culturais e festivos, vixilancias especias en zoas forestais e areais, etc

Este marco normativo implica unha intensa intervención do control social da mobilidade e de diversas actividades comerciais, que representa para tódalas FFCCS unha notable ampliación da súa actividade ordinaria, en tanto non se normalice a situación."

O Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais do Corpo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 22/06/2017, na sua disposición 3º dispón a posibilidade de prorroga para sucesivas anualidades sempre que se den a causas e condicionantes de feito, circunstancias que acreditan o responsable do servizo da Policía Local para o ano 2023.

Solicitase a prorroga de dito acordo, coa autorización de 4628 xornadas como máximo, nas circunstancias de realización contempladas no acordo do ano 2017, o que suporá un gasto máximo das mesmas, sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, a cantidade 1.151236,32 €.

Nas vixentes Instruccións sobre Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sua sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixentes na actualidade, recollen no seu punto terceiro, apartado j) :

–Os programas de disponibilidade horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudio da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.

Asi mesmo, nas Bases de execución do Orzamento vixentes, contemplase que: no caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fora da xornada laboral, ós efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou disponibilidade, existe un plan aprobado, cuantificando o número de xornadas, coste de cada unha delas e custe total. Se comprobará igualmente que para súa fiscalización se adxunta a certificación do Xefe do servicio en canto a sua execución, facendo constar na mesma ou nun documento indepedente, como mínimo a seguinte información: o nome do empleado que executou as horas ou a xornada, o día en que se fixo, referencia sucinta as necesidades a cubrir, as horas feitas si se trata de gratificación, ou xornadas si se trata de reforzos.

A realizacion das xornadas de disponibilidade aboaranse en concepto de productividade, concepto que  forma parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, recollidas tanto no TREBEP como R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, e esta destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.
As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

O programa de disponibilidade da Policia Local aprobado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria do 22 de xuño de 2017 (Expte 30140-220), conta coa conformidade sindical, tal e como consta no documento incorporado a dito expediente no tramite nº 21,  segundo do disposto no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido 5/2015 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Revisados os datos obrantes na Area de Recursos Humanos, e salvo erro ou omisión, comprobase que en xaneiro de 2023 figuraran vacantes no servizo da Policía local un total de 96 prazas, algunha deles  incluídas nas OEPs aprobadas ata a data:

- 1 Superintendente xefe
- 1 Intendente Principal
- 2 Inspectores principais
- 8 Inspectores P local
- 12 oficiais P local
- 72 policías.

Polo que, do total de 401 postos que conforman o servizo da Policia Local, a 1 de xaneiro 2023, 305 postos estaran ocupados e figuran 96 vacantes.

Os posibles acordos que poidan acadarse en canto a reorganizacions e/ou reestructuracions no servizo, aprobadas polo Organo Competente, asi como os incrementos da plantilla pola incorporacion de efectivos tra-la execucion das OEPs, debera supor necesariamente a minoración no número e no custo das xornadas de disponibilidade a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas.

Con respecto ao numero de xornadas de dispoñibilidade solicitadas estas supoñen un 4,5% mais das aprobadas para o ano 2022, aínda que esta en tramitación o incremento destas en 400 xornadas mais para o presente ano (Expte 41061-220).

| Año | n xornadas |
|---|---|
| 22 | 4820* |
| 21 | 4609 |
| 20 | 3627 |
| 19 | 3406 |

*incluido o incremento en 400 as aprobadas para 2022 en tramitacion (Expte 41061-220)

A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policia Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realizacion de xornadas de disponibilidade, numero de efectivos previstos e custo das mesmas, e una vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria correspondente a produtividade no programa 1320.

A realización das xornadas de reforzo nas condicions previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non teran carácter estable nin a sua realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucions de caracter fixo nin periodico.

Os importe a aboar por cada xornada de disponibilidade realizada actualizaranse segundo as vixentes Leis de orzamentos xerais.

FISCALIZACIÓN PREVIA

Sométese a fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto na lexislación reguladora sobre facendas locais (artigos 213 a 223), en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 132.0.1500000-“Produtividade” do orzamento do anoi 2023, sendo informado pola Intervencion Xeral en data 25/11/2020.

RÉXIME COMPETENCIAL

A competencia reside na Xunta de Goberno Local en base ao artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

PROPOSTA QUE SE SOMETE A CONSIDERACION DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

*1.- Prórrogar  duranto o ano 2023 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxetivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuidas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventes e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.*

*2.- Aprobar a realizacion dun numero máximo de xornadas anuais (4628) , sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongacion de xornada, de  1.151.236,32€. Os importes a aboar por cada xornada de disponibilidade realizada serán actualizados segundo a vixentes lexislacion.*

*3.- Delegar na Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (*Delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021 e Resolución da Alcaldía do 06/09/2022), *a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas*

*4.- A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policia Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realizacion de xornadas de disponibilidade, numero de efectivos previstos e custo das mes-*

*mas, e una vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 132.0.150.0000.*

*5.- A realización das xornadas de reforzo nas condicions previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non teran carácter estable nin a sua realizacion será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucions de caracter fixo nin periodico*

*6.- Os posibles acordos que poidan acadarse en canto a reorganizacions e/ou reestructuracions no servizo, aprobadas polo Organo Competente, asi como os incrementos da plantilla pola incorporacion de efectivos tra-la execucion das OEPs, debera supor necesariamente a minoración no número e no custo das xornadas de disponibilidade a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas,* sendo necesaria a aprobación dun novo “acordo marco” de axuste do programa.

Dése traslado do presente acordo aos correspondentes servizos, Concelleira-delegada da Area, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1026).- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA” . EXPTE. 1373/441.**

Visto o informe xurídico do 22/11/2022 e o informe de fiscalización do 29/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2022, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 5 de abril de 2022 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”, a prol da empresa Galaicontrol S.L.

**II.-** A mercantil Galaicontrol S.L. presentou o proxecto construtivo "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Trinidad López Rodríguez.

**III.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de datas 22 e 23 de agosto de 2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 27 e 29 de agosto de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15.09.2022 aprobou o proxecto "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CATORCE MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (1.814.513,63 €), de data xuño de 2022 e asinado dixitalmente en data de 26 de xullo de 2022. (Expte. 5468-443).

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 15.09.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.468-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Trinidad López Rodríguez.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 20 e 21 de setembro de 2022.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data data 21 de setembro de 2022.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 4 de outubro de 2022.

E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 7 de outubro de 2022.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 18 de outubro de 2022.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 4, 5 e 7 de novembro de 2022.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de novembro de 2022.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de novembro de 2022.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de datas 22 e 23.09.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Trinidad López Rodríguez.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de novembro de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN OITOCENTOS CATORCE MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (1.814.513,63 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 314.915,59 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539 6090066 (Accesibilidade Ramón Nieto a Fonte Oscura), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2022 | 900.000,00€ |
| 2023 | 914.513,63 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 101,61%.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(1027).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE FRAGOSO". EXPTE. 1437/441.**
Visto o informe xurídico do 23/11/2022 e o informe de fiscalización do 01/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/11/2022, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 16 de marzo de 2022, autoriza o gasto para a redacción do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DO FRAGOSO", a favor da empresa Eptisa Servicios de Ingeniería SL,

**II.-** A empresa Eptisa Servicios de Ingeniería SL, presenta proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DO FRAGOSO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS VINTE CATRO MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (524.334,35 €) e data maio de 2022, firmado dixitalmente en data 15 de Setembro do 2022.

**III.-** Previo informe do Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e Enxeñeira Técnica da da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 21.09.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 22 e 26.09.2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 06.10.2022 aprobou o proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DO FRAGOSO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS VINTE CATRO MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (524.334,35 €) e data maio de 2022, asinado dixitalmente en data 15 de Setembro do 2022.

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 06.10.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.616-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid, asinado dixitalmente en data 15.09.2022.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 18 de outubro de 2022.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 18 de outubro de 2022.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 24 e 25 de outubro de 2022.

E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 26 de outubro de 2022.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 26 de outubro de 2022.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 7 de novembro de 2022.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de novembro de 2022.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con 7 de novembro de 2022.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 21.09.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DO FRAGOSO"**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 7 de novembro de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CINCOCENTOS VINTE CATRO MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (524.334,35 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 91.000,18 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2022 | 30.000,00 € |
| 2023 | 494.334,35 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 1.647,78%, con respecto á primeira anualidade.

**Quint**o.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1028).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DO CARME E CESÁREO GONZÁLEZ". EXPTE. 1438/441.**

Visto o informe xurídico do 24/11/2022 e o informe de fiscalización do 01/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 24/11/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 1 de xullo de 2022 resolveu autorizar o gasto para para a redacción do proxecto de **"MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DO CARME E CESÁREO GONZÁLEZ"** a favor da empresa **PROYFE S.L.**

**II.-** A empresa, PROYFE S.L, presenta o proxecto de "MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DO CARME E CESÁREO GONZÁLEZ", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. David Pardiñas Lamas cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E DOUS MIL NOVECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (172.949,11€), con data Setembro de 2022.

**III.-** Previo informe do Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e Enxeñeira Técnica da da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 21.09.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 26.09.2022 , a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 06.10.2022 aprobou o proxecto de "**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DO CARME E CESÁREO GONZÁLEZ"**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. David Pardiñas Lamas cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E DOUS MIL NOVECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (172.949,11€), e con sinatura dixital de data Setembro de 2022

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 06.10.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.717-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. David Pardiñas Lamas, asinado dixitalmente con data Setembro de 2022.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 19 de outubro de 2022.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19 de outubro de 2022.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 24 e 25 de outubro de 2022.

E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 25 de outubro de 2022.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 15 de novembro de 2022

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 4 e 7 de novembro de 2022.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16 de novembro de 2022.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 21.09.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DO CARME E CESÁREO GONZÁLEZ"**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. David Pardiñas Lamas cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E DOUS MIL NOVECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (172.949,11€), e con sinatura dixital de data Setembro de 2022

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO SETENTA E DOUS MIL NOVECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (172.949,11 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 30.015,96 €

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2022 | 15.000,00 € |
| 2023 | 157.949,11 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 1.052,99%, con respecto á primeira anualidade.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 10(1029).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE CALZADA NA AVENIDA ATLÁNTIDA". EXPTE. 1442/441.

Visto o informe xurídico do 24/11/2022 e o informe de fiscalización do 01/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/11/2022, asinado polo o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 14/07/2022, autoriza o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa Antea Iberolatam S.L.U.

**II.-** A empresa Antea Iberolatam S.LU. Presenta proxecto de **"MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CALZADA DE AVD ATLÁNTIDA"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Marta Rodriguez Yanes, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (298.689,06 €) e firmado dixitalmente en Setembro do 2022.

**III.-** Previo informe do Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e Enxeñeira Técnica da da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de datas 6 e 10.10.2022 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 13 e 14.10.2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20.10.2022 aprobou o proxecto de **"MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CALZADA DE AVD ATLÁNTIDA"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Marta Rodriguez Yanes, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (298.689,06 €) e firmado dixitalmente en Setembro do 2022.

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 20.10.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.730-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Marta Rodriguez Yanes, asinado dixitalmente en data setembro de 2022.
B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 26 de outubro de 2022.
C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26 de outubro de 2022.
D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26 de outubro de 2022.
E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 28 de outubro de 2022.
F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 4 de novembro de 2022.
G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 4 e 7 de novembro de 2022.
H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16 de novembro de 2022.
I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 6 e 10 de outubro de 2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CALZADA DE AVD ATLÁNTIDA"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Marta Rodriguez Yanes

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (298.689,06 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 51.838,60 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2022 | 20.000,00 € |
| 2023 | 278.689,06 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 1.393,45 %, con respecto á primeira anualidade.

**Quint**o.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 11(1030).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "PAVIMENTACIÓN DA RÚA NIGRÁN". EXPTE. 1446/441.

Visto o informe xurídico do 24/11/2022 e o informe de fiscalización do 01/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/11/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 14 de xullo de 2022, autoriza o gasto para a redacción do proxecto de **"PAVIMENTACIÓN DA RÚA NIGRÁN"**, a favor da empresa Ingenia Proyectos Técnicos SL,

**II.-** A empresa Ingenia Proyectos Técnicos, SL, presenta proxecto de **"PAVIMENTACIÓN DA RÚA NIGRÁN"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª María Ferreiro Núñez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRES MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (103.468,15 €) e firmado dixitalmente en Setembro do 2022.

**III.-** Previo informe do Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de datas 6 e 10 de outubro de 2022 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 11.10.2022 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20.10.2022 aprobou o proxecto de **"PAVIMENTACIÓN DA**

**RÚA NIGRÁN"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª María Ferreiro Núñez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRES MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (103.468,15 €) e firmado dixitalmente en Setembro do 2022.

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 20.10.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.723-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª María Ferreiro Núñez, asinado dixitalmente en data setembro de 2022.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 26 de outubro de 2022.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26 de outubro de 2022.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 27 de outubro de 2022.

E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 31 de outubro de 2022.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 9 de novembro de 2022.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 9 de novembro de 2022.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16 de novembro de 2022.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o

seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de datas 6 e 10 de outubro de 2022 e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"PAVIMENTACIÓN DA RÚA NIGRÁN"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª María Ferreiro Núñez

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO TRES MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (103.468,15 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 17.957,28 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2022 | 10.000,00 € |
| 2023 | 93.468,15€ |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas

Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 934,68 %, con respecto á primeira anualidade.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 12(1031).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS PADRE SEIXA E PORRIÑO". EXPTE. 1447/441.

Visto o informe xurídico do 25/11/2022 e o informe de fiscalización do 01/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/11/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 01/07/2022, autoriza o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa Galaicontrol S.L.

**II.-** A empresa Galaicontrol S.L., trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de **"PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS PADRE SEIXAS E PORRIÑO"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS VINTE NOVE MIL NOVECENTOS VINTE UN EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (329.921,40 €) e asinado dixitalmente en Setembro do 2022.

**III.-** Previo informe do Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de datas 6 e 10 de outubro de 2022 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 11.10.2022 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20.10.2022 aprobou o proxecto de **"PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS PADRE SEIXAS E PORRIÑO"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS VINTE NOVE MIL NOVECENTOS VINTE UN EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (329.921,40 €) e asinado dixitalmente en Setembro do 2022.

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 20.10.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.724-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Trinidad López Rodríguez, asinado dixitalmente en data setembro de 2022.
B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 26 de outubro de 2022.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26 de outubro de 2022.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 27 de outubro de 2022.

E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 31 de outubro de 2022.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 16 de novembro de 2022.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 9 de novembro de 2022.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16 de novembro de 2022.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de datas 6 e 10 de outubro de 2022 e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS PADRE SEIXAS E PORRIÑO"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Trinidad López Rodríguez

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS VINTE NOVE MIL NOVECENTOS VINTE UN EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (329.921,40 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 57.259,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2022 | 25.000 € |
| 2023 | 304.921,40 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 1.219,69 %, con respecto á primeira anualidade.

**Quinto**.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Concesión da axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, do Concello de Vigo – curso 2022-2023». Expte. 234480/301.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**13(1032).- CONCESIÓN DA AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2022-2023». EXPTE. 234480/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto informe de fiscalización de data 05/12/2022, dáse conta do informe-proposta do 30/11/2022, asinado pola xefa de Benestar, o xefe da Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tramitouse polo Servizo de Benestar Social o expediente de bases e convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia (avaliación individualizada), das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo (Curso 2022-2023). Foron aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 12.05.2022 (BOP nº 97, do 23.05.2022).

I.2. Na parte dispositiva dese acordo recóllese:

A) A aprobación das Bases e a convocatoria desas axudas municipais.

B) O compromiso de gasto por importe de 135.000€ para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, que serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

C) O compromiso de gasto de 1.145.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2022/2023. Desta cantidade, 572.500€ imputaranse ó exercicio de 2022 e o resto, 572.500€, ó exercicio de 2023. A contía do ano 2023 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

I.3.Conforme co disposto nas Bases, realizouse a valoración individualizada de todas as solicitudes presentadas e a "Comisión de Valoración" designada para o efecto (Base 11ª) redactou o correspondente informe no que se concreta o resultado da avaliación (Acta do 25.11.2022). Desa valoración resulta que:

A) 1.430 alumnas/os solicitantes das axudas de libros e material escolar reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os e cumpren os requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

O custo total das axudas de libros ascende a 143.000,00€ (= 1.430 x 100€). Este gasto financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 - RC 202200043342 (135.000,00€), RC 202200128018 (6.414,60€) e RC202200010173 (1.585,40€).

B) 3.560 alumnas/os reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os das axudas municipais de comedor, de acordo coa Base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

O primeiro pagamento das axudas municipais de comedor (setembro-decembro 2022), ata unha porcentaxe máxima do 50% do importe, correspondente á resolución de cada centro educativo aprobada pola XGL, pagaríase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

O custo do total do comedor para o Curso 2022-2023 das/os 3.560 alumnas/os que cumpren os requisitos ascende a 1.374.160,00€. Polo tanto, o primeiro pagamento (setembro-decembro 2022), equivalente ó 50% do total a adxudicar, é de 687.080,00€.

O gasto do exercicio de 2022 (687.080,00€) aboaráse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 202200043343 (572.500,00€), RC 202200010173 (89.757,60€) e 24.822,40€ á bolsa de vinculación.

Existe crédito para facer fronte ó gasto de 687.080,00€ para axudas de comedor 2023 (xaneiro-xuño 2023) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 202200043345 (572.500,00€) que se propón ampliar en 114.580€.

O acordo de XGL de aprobación de bases e convocatoria establecía, no Apdo. Cuarto da súa parte dispositiva, que: "*Os créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A*

*contía máxima a incrementar será de 185.000€"*. Para poder conceder as axudas a todas as solicitudes que cumpren os requisitos establecidos necesitaríase un incremento de 24.822,40€ (2022). Existe crédito suficiente para atender esta necesidade na bolsa de vinculación.

I.4. Da información que obra en poder deste Servizo despréndese que todas/os beneficiarias/os destas axudas cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a Base 6ª da convocatoria.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,
«**ACORDO**

**PRIMEIRO:** Autorizar o incremento do gasto en 24.822,40€ (2022) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 ou bolsa de vinculación e aprobar tamén a ampliación en 114.580,00€ do RCFUT 202200043345 (572.500,00€) para facer fronte ó gasto representado polas axudas de comedor en 2023 (xaneiro-xuño 2023), que ascende a 687.080,00€.

**SEGUNDO:** Axudas municipais de libros e material escolar, Curso 2022-2023:

2.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.430 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 143.000,00€ financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 – RC 202200043342 (135.000,00€), RC 202200128018 (6.414,60€) e RC 202200010173 (1.585,40€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente nº 245253/301 e remata co nº 242279/301.

2.2. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 950 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse tamén no Anexo I, que comeza co expediente nº 245514/301 e remata co nº 244884/301, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

**TERCEIRO:** Axudas municipais escolares de comedor, Curso 2022-2023:

3.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 3.560 alumnas/os que reúnen os requisitos esixidos e que se pagarán, no ano 2022, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 202200043343 (572.500,00€), RC 202200010173 (89.757,60€) e 24.822,40€ á bolsa de vinculación.

O gasto de 687.080,00€ para axudas de comedor en 2023 (xaneiro-xuño 2023) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 202200043345 (572.500,00€) que se propón ampliar en 114.580€.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II (comedor), que comeza co expediente nº 239993/301 e remata co nº 242279/301.

3.2 DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 1.218 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente nº 242765/301 e remata co nº 238654/301, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

**CUARTO:** Para o caso de que durante o Curso escolar 2022-2023 se producise unha situación semellante á padecida no Curso 2019-2020 por causa da pandemia da COVID-19, que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 *(-"Becas, libros, comedor")*.

**QUINTO:** Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no "Portal da Transparencia e bo goberno" do Concello de Vigo (http://transparencia.vigo.org) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), identificándoas coa clave "L" e a subclave 22.

**SEXTO:** Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á via administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 14(1033).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretario dou fe.

SGF/me.

Concello de Vigo

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez